

## **CRUCEIROS DE COIRO**

---

(De: "Coiro. A nosa Parroquia". C.P. Castrillón. 1987)

**Definición:** Os cruceiros son unhas construcións de pedra, e que como indica o nome, teñen forma de cruz.

**Características:** Os cruceiros en xeral, construíanse nos lugares nos que a xente, ben polo que fora, non podía ir á igrexa e así poder ter un lugar onde orar.

Os cruceiros adoitábanse construír nos lugares onde houbera un cruce de camiños, como é o caso da Rosada. O cruceiro, sempre se construía de pedra e o crucifixo de madeira.

Soen ter dous metros e medio de alto por un metro de ancho na base.

Todos, ou case todos os cruceiros, tiñan un pequeno lugar onde se prendían velas (parte dianteira), para iluminalo, e un peto na parte posterior ou traseira no que se botaba diñeiro para arranxos do cruceiro ou da igrexa. O cruceiro tiña ou estaba constituído por cinco grandes anacos: dous fragmentos de pedra na base, o tronco e os capiteis, e o crucifixo.

As súas pedras teñen esculturas de todos os tipos.

**Costumes:** Os días de Defuntos e Xoves e Venres Santo, as xentes do lugar próximo ao cruceiro, facían unha pequena procesión polo arredor do símbolo. Despois as mulleres pasaban preto dunha hora de xeonllos rezando. As xentes que pasaban cerca do cruceiro tiñan o costume ou axeonllarse.

A limpeza do cruceiro ía por quendas, hoxe xa non.

### **CRUCEIROS DE COIRO**

- O Cristo da Rosada (1894)
- Cruceiro da Pedreira (1968)
- Cruz da Misión (1954)
- Cristo da Presa ou do Bastón
- Cruceiro de Xielas - Cruz da Pereira (1806)

#### **O Cristo da Rosada**

Está situado no centro do grande barrio. Apartado dun baixo muro, está nun cruce dunha carretera e dous camiños.

Mide sobre dous metros e medio por un metro de ancho.

Características: As esculturas están feitas sobre mármore branco (remodelación).

As dúas pedras que aguantan o cruceiro e fan de base son de granito. A da parte de abaixo mide 1,23 metros e a superior 85 centímetros xustos.

O crucifixo ten a cruz de madeira e a figura de pedra esculpida.

O tronco está esculpido en liñas verticais de arriba abaixo.

O alumeado está cheo de verdiño e ten unha vela roxa.

Está cuberto por un anaco de uralita.

O seu ano de construción é de 1894, ou sexa que ten 93 anos.

O peto atópase na parte posterior do cruceiro, tendo un pequeno burato vertical de 2 cm de grosor por 5 cm de largo.

Foi encargado por un veciño rico que vivía na Rosada e amigo do cura.

### **Cruceiro da Pedreira**

Foi feito no ano 1968.

Foi colocado en 25 de Decembro do ano 1969.

Foi feito por Graciano e o seu fillo.

Está colocado no centro da Pedreira.

Está pintado de cor azul.

### **Cruz da Misión**

(Sollal - Miranda), Cruz ou Cruz de Pedralán.

De 6 m. de alta, atravesada por un pau de 3 m.

Apreciase a data de 15 de maio de 1954.

En tempos foi arrastrada e tirada por 2 bois até o seu sitio de colocación. Os bois pertencían ao cura e chamábanse "Peto" e "Pucho". Segundo conta a historia, "Pucho" ao chegar á metade do camiño cravou unha espiña e houbo que subir a cruz a hombros.

O canteiro que colocou e fixo o burato foi "o Borrallo".

Está na propiedade dun tal Ramón, nomeado "Polainas".

O pau do que está construído é de acacio (o ferro de Galicia) e está cravado na pedra. Tamén conta a historia que se racharon 2 barrenas ao furalo de duro que estaba.

Naquel tempo déuselle moita importancia, moita xente ía alí a rezar. Hoxe en día ese costume perdeuse, e só van os rapaces alí a enredar.

### **Cristo da Presa ou do Bastón**

Outeiro.

Feito de pedras e arame. Fáltalle a cabeza e non ten pés.

Cada semana unha muller chamada Mercedes ponlle un vaso de aceite e 2 ou 3 "mariposas".

### **Cruceiro de Xielas – Cruz da Pereira**

Versións de orixe:

O primitivo, de 1806, fíxose por unha promesa dun matrimonio que tiña un fillo enfermo.

Contase que un home non quería ir á guerra, e como se lle cumpriu a petición, fixo unha cruz de pereira.